

# Borobó, biógrafo

**Raimundo GARCÍA PAZ**


Universidad Complutense de Madrid\*

## 1. INTRODUCCIÓN: POLA LIBRE ASOCIACIÓN DE IDEAS

Chega o momento cru de falar das biografías de Borobó, nestas xornadas internacionais. Vaia por diante a miña gratitude para Claudio Rodríguez Fer, quen me deu primicia deste encontro nos últimos días da primavera pasada, suxeríndome que presentase unha comunicación adrede de Raimundo García Domínguez.

Meu pai dicía que o verán era unha fonte inesgotable de doca; é dicir, de doce preguiza, de gozosa inactividade. Quizais por iso apracei a escritura deste texto ata finais de agosto de 2014. Mais Borobó sería indulxente con esta demora, porque houbo que facer moitos arranxos no seu outeiro de Trevonzos durante o estío, logo do inverno mais duro dos últimos corenta anos. ¡Clemencia, pois, miñas donas e meus señores, para o que van a escoitar!

Na primeira carta desde Berlín do seu libro *Cadros de Viaxe*, Henrich Heine preguntábase “¿que é o que non debo escribir?, isto é: ¿que é o que o público xa está farto de saber que lle ten sen coidado, que non é lícito dicir-lle?” (1921: 10). Fuxindo dos temas comúns, o escritor alemán confesáballe ao lector: “non esixa vostede de min unha exposición sistemática, que é o anxo exterminador de todas as correspondencias”, pronunciándose a favor da “libre asociación de ideas” (1921: 11). Tamén lles pido eu licencia para seguir pauta semellante.



## 2. PERIODISTA, CONDICIÓN INDISOCIABLE

A metade dos trinta e tantos libros que levan a autoría de Raimundo García Domínguez “Borobó” son textos biográficos. Polo tanto, é doado deducir a súa predilección por este xénero, sendo así que como home de letras tocou tódolos paus da escritura, dende a narrativa ata a dramaturxia, pasando polo ensaio e sen fuxir da poesía; ou da propia titulación de orixinais xornalísticos, que el xulgaba unha arte literaria.

Tan só como periodista, Borobó escribiu milleiros de artigos; dez mil, tirando polo baixo. Ao longo da súa etapa no xornal santiagués *La Noche*, asinou un “anaco” diario durante os dezanove anos transcorridos dende 1946 ata 1965. E mil cincocentos artigos máis conformaron o “novelo dos anacos”, que foron rubricados entre finais do século pasado e

\* Licenciado en Dereito e Ciencias da Información pola UCM.

principios do presente. Creatividade e fecundidade literaria que poñía os alicerces do seu labor como biógrafo, indisociable da súa condición de periodista.

Non debe esquecerse que Borobó exercía de director “de facto” de *La Noche* moi to antes de que fora nomeado “de iure” para ese cargo en 1960. Xa que logo, a fascinación pola actualidade e as obrigacións como profesional da información, retardaron a aparición dos libros de Raimundo García Domínguez, entre eles as obras de carácter máis histórico. Unha disciplina na que fora formado academicamente como licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago, e como bolseiro da Universidade Internacional de Santander durante a súa estada en Cantabria no traxico verán de 1936.



Autor do retrato: Xosé Comoxo


### 3. UN EMPEÑO CONSTANTE

Con todo, cunha tenacidade a proba de lume, Borobó conseguiu levar a cabo os seus propósitos como biógrafo. Hai un anaco titulado “Retrato de neno”, dedicado a Castelao, que foi publicado en xaneiro de 1950 no xornal *La Noche* –nada máis morrer “Daniel”–, sobre cuxo texto quixera chamar a atención. Empeza así: “Tendría cinco o seis anos cando lo levaron a Villagarcía para que le hiciera un fotógrafo el primer retrato. Lo vistieron de

domingo, como se vestía de domingo en un pueblo marineru hacia el año 1890...” . Borobó sinalaba despois que Castelao

recordaba siempre que de hombre visitaba Villagarcía, aquella primera travesía marítima, aquel viaxe a la villa arosana. Y daba detalles del fotógrafo que le dijo, por vez primera, que se estuviera quieto, pues iba a salir un paxariño. De aquella foto, hecha en Villagarcía habrá que partir para el estudio de las figuras máis entrañables de la tierra. Habrá que partir, también, para trazar la biografía del artista cuya primera foto hemos descrito, y cuyo último retrato acabamos de ver ahora. Aparece en ella tendido en el ataúd y salpicado de su tierra. ¡Terra de Rianxo!

Pois ben, medio século logo de publicar este “Retrato de niño” saía do prelo de Edicións do Castro a biografía de Castelao *Daniel o noso*, asinada por Borobó, con ese artigo incluído (2000: 15). Preside a súa portada esa foto do guieiro da galegitude cando era un rillote. En suma, cando Raimundo García Domínguez contaba 34 anos xa albiscaba o momento de redactar unha biografía sobre Castelao e estudar os persoeiros máis queridos de Galicia. A natureza premiou a súa perseveranza posterior cunha mente lúcida para levar a cabo este empeño, ata o seu pasamento con oitenta e sete anos de idade.



De feito, a maior parte das obras de Borobó sobre vidas alleas foron publicadas en plena senectude. Esa aparición serodia non significa que Borobó fose un biógrafo outonal, porque, como queda dito, moitos textos foran adiantados pola súa pluma en publicacións onde colaborou, traballou ou dirixiu, como *La Noche* –vespertino compostelán que meu pai calificaba ironicamente de nocturno– ou *Chan*, a revista dos galegos.



#### 4. A EMIGRACIÓN DE PABLO IGLESIAS

Xubilado xa de seu traballo como xornalista a tempo completo, Borobó publicou a biografía titulada *Pablo Iglesias, el gallego*. Para coñecer o contido desta obra sobre “o abó” dos socialistas españois, servíranos de guía o autor do proemio, Manuel García-Pelayo, compañeiro de Raimundo na Residencia de Estudiantes, e que fora o primeiro presidente do Tribunal Constitucional:

El presente libro se compone de dos partes de distinto contenido y significación, aunque referidas a la misma figura. La primera es para mí uno de los textos biográficos más hermosos que haya leído, sin duda en razón de que no considera como mero objeto descriptivo a su biografiado, ni tampoco pretende desvelar los mecanismos de su personalidad, sino que trata de comprenderlo desde una perspectiva existencial a través de un proceso de comunicación sentiente entre el biógrafo y el biografiado. Ello da al período de niñez y adolescencia una impresión de ternura en consonancia con el período vital tratado. En el tiempo a partir de la fundación del Partido Socialista se nos muestra la plena coincidencia de vida y obra, donde la primera parece plasmarse totalmente en la segunda. La otra parte del libro tiene un sentido distinto. No es una vida, sino un pensamiento

lo que se quiere exponer. Se trata de mostrar el ideario substancial de Iglesias con sus propias y auténticas palabras recogidas de textos escritos, pero articuladas en forma de entrevista que hacen su lectura más viva y cuya oportunidad en el momento actual, es a mi juicio, indiscutible. (García-Pelayo 1986a: 15)

Neste –polo demais sucinto– libro hai unhas palabras do meu proxenitor sobre Pablo Iglesias que sintetizan un achado significativo: “Desde el momento en que empecé a penetrar a fondo en la biografía del «Abuelo» advertí su esencial galleguidad, a pesar de haber transcurrido solamente una séptima parte de su vida en su tierra natal” (1986a: 20).

Como é sabido, mediado o século XIX, Pablo Iglesias viaxou camiñando, con nove anos de idade, dende Ferrol, onde nacera, ata a Vila e Corte. Unha marcha inclemente, da man de súa nai e seu irmán pequeno, á beira dos arrieros maragatos. “Ninguna emigración de un gallego iba a poseer tal trascendencia” (1986a: 23), asegura Borobó nesta biografía do “Abó” dos socialistas españois, que terá continuidade nun guión escénico inédito seu titulado *La mocedad de Pablo Iglesias*. Na obra *A nacemento do socialismo en Galicia*, editada por Galaxia (2001), ampliará máis tarde o perfil biográfico daquel educador de xentíos.



#### 5. VALLE-INCLÁN E A PARASICOLOXÍA

A figura do fundador do PSOE e da UGT vencella Madrid con Galicia nese territorio ideal que meu pai deu en denominar *Madri-Galicia*. Vexamos outro caso paradigmático neste mesmo eido. Trátase do libro *El fantasma de Valle-Inclán*, tamén aparecido en 1986.

Para entender a historia que dá título a esta obra, é preciso contar os seus antecedentes.

Borobó estaba seguindo daquela a pista de Felipe Ducazcal –creador da Partida da Porra– en arquivos e bibliotecas, cando se encontrou coa historia que dá nome a este libro. Folleando o *Heraldo de Madrid*, diario que acababa de fundar este pintoresco personaxe, bateu coas pantasma de Otero Acevedo: unha serie de artigos escritos polo primeiro neurocirurxián español, quen coñecera a Valle-Inclán cando este estudaba en Santiago.

Segundo escribe Otero Acevedo no *Heraldo de Madrid*, no curso dos seus experimentos parasicolóxicos, suxestionou a un paciente para que localizase en Santiago o seu amigo D. Ramón del Valle, e que logo espertase e referise todo canto vira. Como froito do soño hipnótico, o médium relatou que Valle-Inclán “estaba primeiro na casa de su amigo A. P.” e logo “no Casino xogando ao monte, e que perdía” (1986b: 49). Datos que lle corrobora Valle-Inclán ao médico nunha carta posterior, con datas e horas. Borobó lembra quedarse petrificado pola premonición espiritista de Otero Acevedo, quen provocou esta comunicación telepática para buscar como personaxe pasivo a un Ramón del Valle que só empezaba a dar daquela os seus primeiros pasos como literato.



*El fantasma de Valle-Inclán*, aparecido en 1986, constituíu o primeiro tomo dos *Papeles de Borobó*, inaugurando, ademais, a colección “Documentos para a historia contemporánea de Galicia” de Ediciós do Castro. Borobó tamén consagrou á figura do pai de Ramón del Valle-Inclán un opúsculo publicado polo Museo de Pontevedra nese mesmo ano (1986c). Pódese afirmar que Raimundo García Domínguez foi o escritor que mais artigos dedicou á figura do “gran fablistán”. Unha escolma desa produción figura no libro *Anacos valleinclinianos* (2004), editado postumamente pola Fundación que leva o nome do dramaturgo arousán.

Como xa apuntaba, boa parte dos libros de meu pai son recopilacións de artigos e de crónicas. Na súa longa vida de escritor confúndense sempre xornalismo e literatura, como el mesmo dixo da obra de José Martínez Ruiz “Azorín”, pois a maioría dos libros do escritor de Monóvar son artigos de prensa coleccionados en volumes.

Partiendo del anaco casi siempre, y siguiendo la técnica del empalme (...) el texto puede multiplicarse, por partenogénesis o esporulación, y de ello resulta una novela, un ensayo, una biografía, o un memorial, como el que el lector tiene entre las manos y que forma parte de los *Papeles de Borobó* con el título *Memorial de Trevonzos*, y dentro de él, como *Libro de los tropiezos*. No podría habersele ocurrido nada mejor para desesperación de los bibliotecarios, pues ya me dirán cómo se clasifica eso<sup>1</sup>.

## 6. DERRADEIRO ENCONTRO CON CASTELAO

Unha parte das biografías de Borobó son eminentemente xornalísticas, coa frescura do anecdotario vivido en primeira persoa. Sería o caso dos retratos que configuran o *Libro dos exemplos*. Estes perfís recollen, polo tanto, moitas notas autobiográficas<sup>2</sup>.

<sup>1</sup> Estas liñas do seu colega Manuel Blanco Tobío figuran no proemio ao citado *Libro de los tropiezos*.

<sup>2</sup> O *Libro de los Tropiezos*, pola súa banda, tamén recolle moitas referencias autobiográficas, con vivencias persoais do autor, nas que relata encontros con Manuel Fraga Iribarne, Victoria Armesto, Ramón Piñeiro, García-Sabell, Fernández Albor ou Gómez Franqueira. Textos que amosan claves para entender a intrahistoria de Galicia nos anos da transición á democracia.



Tamén obras como *Daniel o noso* fixan imaxes de súa propia retina, como o seu último encontro con Castelao. O texto orixinal, titulado *Daniel*, foi publicado o 10 de xaneiro de 1950, tres días despois do seu pasamento, e inclúe o testemuño directo de Borobó:

Estuvimos en Rianxo alguna vez durante estos últimos años. Nos dijeron: en esa casa viven las hermanas de Castelao. Vacilamos, pero pasamos de largo sin ir a preguntarles por Daniel. No tuvimos corazón para oírlas llorar, contándoles –pues ¿por qué no habíamos de contarlo?– que viéramos por última vez a Daniel sentado ante un velador de un café de la Gran Vía, entre un ambiente de cañonazos que todavía ahogaban las gaitas de Soutelo. Era para perder la cabeza –los acontecimientos mareaban, como si formasen parte de una novela de Kafka– tropezar de pronto, allí, en la terraza del café María Cristina, a Daniel, el de Rianxo, rodeado de milicianos que ruidosamente escuchaban a los gaiteros de Soutelo tocar sus muiñeiras. Los gaiteros volvían de Barcelona y buscaban el amparo de Daniel, como tantos otros gallegos, para no perder, del todo, la cabeza. (2000: 14)

Outro bloque de biografías describen a vida e obra de personaxes históricos que Borobó non puido tratar, caso de Carolina Otero. Biografías nas que manda a erudición e as súas pescudas como investigador, sen descartar fontes orais directas. Así, *La tremenda niñez de la Bella Otero*, publicado pola Biblioteca de *El Correo Gallego* (1992), recolle declaracións de veciños e veciñas de Valga –concello onde naceu a danzarina– xunto cos recordos persoais do académico Xosé Ferro Couselo.

O interese polas vidas alleas de Borobó puido ser herdado de súa nai. Como ten escrito Xabier Baltar, Doña Lola “coñecía a todas as familias e os parentescos e relacións das xentes da demarcación”, onde meu avó paterno exercía como médico. “Prodixiosa memoria e cualidade, que lle transmitiu a Borobó, que tamén sorprende establecendo as relacións entre persoas” (Baltar Toxo 2003: 22).




## 7. MAUROIS, STENDHAL, ZWEIG...

Lector de grandes biografías e autobiografías, Borobó congraciábase regalándolle a quen lles fala as memorias de Winston Churchill. Nos andeis da súa biblioteca figuran as vidas escritas por autores egrexios como Stendhal ou Stefan Zweig, cuxo estilo admiraba. Así, no libro *A cantora do Sar*, dialoga con Antonio Vázquez Rey sobre as repetidísimas e estrañas viaxes de Rosalía, poñendo nos beizos daquel investigador este comentario: “Está sempre como huyendo. Diríase que huye de su demonio, como cualquier biografiado por Stefan Zweig” (1999a: 83).

Xunto ao autor austríaco, Borobó tamén apreciaba moito a André Maurois, recomendando vivamente a lectura do seu libro *La vida de Disraeli*. Nun anaco titulado “Os tres magos de Nós”, adicado a Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino López Cuevillas, cita a este escritor de Normandía:

Se André Maurois escribise as biografías dos máxicos e dos lóxicos galegos, seguramente contemplase unha maior abundancia dos máxicos en Galicia sobre os lóxicos. (...) Hai de todo como en botica ou, mellor, como en literaria rebotica. Acaso detrás de cada

aparencia máxica haxa un pensamento lóxico poderosísimo. Cavilemos nos tres Magos de Ourense, que é a o que iamos. ¿Quen dubida de que don Ramón Otero Pedrayo era un mago da palabra falada e escrita? Quizais non houbo dende Castelar, grandilocuencia semellante, na que se combinaba a marabillosa imaxinación ca portentosa cultura. Coa diferenza de que mentres don Emilio escribía previamente o se aprendía, os seus discursos, agás as improvisacións parlamentarias, don Ramón abroiaba, como dunha fontana, o caudal inesgotable da súa prodixiosa sapiencia. (1997: 136-138)



E Borobó preguntábase liñas despois neste artigo, inserido no seu libro *O reiseñor de Trasalba*, ¿non era Risco un mago a pesar seu? O seu siso, a súa mente era a dun lóxico, pero dentro da casca dun espírito elemental. O autor da *Historia de los judíos* tiña moito de gnomo (espírito elemental da terra), ata no seu aspecto físico, segundo Borobó. Non un ananión de Walt Disney, senón unha especie de Puck shakesperiano, capaz de coñecer todos os segredos dos montes e fragas de Galicia, penetrando no máis arcano dos contos que as vellas dicían, tras o lume das lareiras ou mentres fiaban ao son de pandereitas.

Remata meu pai a evocación de Risco, tratando do seu par Florentino López Cuevillas nesta triada de magos ourensáns, que

posuía tamén –segundo o escritor e periodista– un espírito elemental que lle facía humanizar tanto as súas investigacións nos castros e nas citanias, como os seus expedientes sobre contrabando ao través do Miño na Delegación de Facenda. Era, pois, o gnomo benéfico, que se subía aos bigotes dos carabineiros, o mesmo que se adentraba nas espenucas para achar os tesouros do Neolítico.

## 8. AS CONVERSAS CON DOÑA GALA


Borobó adoitaba decir que escollía os seus biografiados pola simpatía que lle espertaban<sup>3</sup>. Fronte á visión angustiada que temos de Rosalía, Borobó insiste no seu libro *A cantora do Sar* en que, segundo Doña Gala, última supervivente coñecida da estirpe Murguía-De Castro, a súa nai sempre fora moi alegre.

Segundo narra meu pai, a poetisa tanxía divinamente a guitarra e compuxo a “Alborada” acomodando os seus versos ás notas do músico que lle ensinou a tocala. O xornalista-biógrafo acompañou a filla da poetisa en 1950 durante a súa primeira visita á casa de Padrón, onde morrera súa nai 65 anos antes. Cos seus recordos, o Padroado Rosalía de Castro do que Borobó era vicecontador estableceu a distribución da morada, antes de restaurala.

O introito do libro que Borobó dedicou a Rosalía de Castro é moi esclarecedor sobre a lingua empregada nos seus textos. Refírese nel aos anacos de tema rosaliano subliñando que:



foron escritos a maioría na lingua na que compuso Rosalía de Castro *En las orillas del Sar* e toda a súa prosa. Posto que e ben certo que deica a miña senectude redactei sempre en español, ata que escribindo en verso sentín como “se me levara da mán Rosalía”, e empecei a facelo na lingua de *Follas Novas*. Mais os meus “anacos” –asegún pensa Alonso Montero– perden a súa ventureira sinxelesa ó redactalos en galego. E perderían aínda mais, e gañarían moitísimas erratas –como pasou co Reiseñor de

<sup>3</sup> Pero Borobó non só escribiu sobre vidas de persoeiros. No volume “Primeros anacos santiagueses”, figura a “Biografía de una vaca”, encabezando unha serie de artigos adicados á marela “Paca”. Publicados en *La Noche* en plena polémica sobre o traslado da feria de gando lonxe do souto de Santa Susana. “Escritura juvenil, un tanto surrealista y a veces azoriniana”, segundo recoñece seu autor no anaco epilodal dese libro.




Trasalba-, ó traducilos e normativizalos. Por iso os deixo tal coma foran escritos, respetando tamén súa vella ortografía nas citas galegas, anque os meus últimos orixinais e a armazón estrutural do volume honrense en ser feitos en galego. (1999a: 12)

A inmensa maioría das vidas plasmadas nos libros biográficos de Borobó corresponden a persoeiros galegos, incluídos os inéditos do *Señor das palabras*, dedicado ao gran humanista Aquilino Iglesia Alvariño e *Os bigotes de Bargiela*, que trata do escritor tudense da xeración do 98. Tamén era galego, aínda que de orixes cameranas meu avó, destinatario do libro *O Cesures de Don Víctor* (2003a).



Finalmente, outros catro pequenos libros de Borobó que si están publicados refiren as existencias de Joaquín Díaz de Rábago, eminente sociólogo e mentor da Sociedade de Amigos do País de Compostela (1998), dos dous San Martiño, o primeiro patrón e o primeiro apóstolo de Galicia, (1999b), do Mestre Asorey, escultor cambadés que sementou de monumentos as cidades e pobos de Galicia –co que Borobó mantiña unha fonda amizade– (2003c), e do poeta Andrés Muruais, falecido prematuramente novo, que fora grande amigo de Valle-Inclán e renovara a vida cultural de Pontevedra (2005)<sup>4</sup>.



## 9. VELEIDADES POLÍTICAS

Só escapan á condición de galegos nas biografías de Borobó Felipe Ducazcal e algúns persoeiros cuxas peripecias vitais aparecen narradas no *Libro dos exemplos*. Precisamente, neste volume meu pai suscita un asunto vidroso, cando trata sobre intelectuais galegos da talla de Santiago Montero Díaz, Álvaro Cunqueiro e Xosé María Castroviejo. Logo de explicar “que viviron nun tempo moi revoltoso e propicio para as mutacións ideolóxicas”,

<sup>4</sup> Como coautor, Borobó tamén trazou pinceladas biográficas de diversos intelectuais nados en Galicia, en libros tributados á súa memoria. Tal é o caso de “Valle-Inclán cerca de Compostela. Las Cartas a Tanis de la Riva”, recollido en *Valle-Inclán. Homenaje del Ateneo de Madrid* (1991), a súa comunicación sobre Ánxel Fole no Congreso sobre Ánxel Fole (1997), os “Anacos” nas Xornadas sobre Manoel Antonio (2000), e as súas contribucións “Castelao con Valle-Inclán” no Congreso sobre Castelao (2001), “O derradeiro traxe de Dionisio Gamallo” en *Dionisio Gamallo Fierros* (2001), “Empalme sobre Eugenio Montes” nas Xornadas sobre Eugenio Montes (2001), e “A xeneración dos Ramóns” nas Xornadas sobre Ramón Cabanillas (2003).

senalas que “unha cuestión previa para vulgar, dun xeito ou outro, as súas actuacións nos eidos políticos, é a de fixar a época da vida que marca máis profundamente as súas pegadas na historia: ¿a mocidade?, ¿a maturidade?, ¿a senectude?”.

Cuestión non doada de resolver. Raimundo García Domínguez reconece evidente que

a veleidade política é o que caracteriza a maioría dos homes desa xeración de poetas e profesores, de novelistas e xornalistas. Que seguen xeralmente a tendencia máis natural das persoas físicas, que soen evolucionar dende unha posición revolucionaria na xuventude a unha actitude reaccionaria na vellez.

Ésa é a propensión máis corrente do ser humano, a cal calcula que afecta a un 90%. O outro 10% quedaría para a xente restante, que se troca dende a dereita á esquerda, pois tamén a hai, aínda que moita menos. O heterónimo de Borobó, ex-conde de Grovas Anxelo Novo, antigo trostkista, transformado en anglófilo impenitente-, denomina complexo de Disraeli a inclinación maioritaria, e complexo de Gladstone a minoritaria, tomando como modelos os dous grandes estatistas ingleses decimonónicos. (2003b: 5)

Finalmente, como facía o poeta Manuel María, falando de seu tío Ramón Fernández Mato, quen trocou de director xeral de Seguridade na República en panexirista do xeneralísimo Trujillo, louvando despois a Franco, Borobó amosábase partidario de vulgar os idos non polo que pensaban nos seus derradeiros anos, senón polo que facían no seu mellor momento.

En bastantes ocasións, as biografías de Borobó deixan cabos soltos. Ocos que non consegue resolver, claves cuxo descifrado remite a futuros historiadores ou investigadores, ou referencias que debe completar a curiosidade do lector, requirindo para iso a súa colaboración.

“O diálogo poético entre Otero Pedrayo e Iglesia Alvariño” que figura no libro *O reiseñor de Trasalba* refírese ao discurso de recepción a Aquilino, pronunciado por Don Ramón na Real Academia Galega, engadindo seductoramente: “Limitome a mencionarlo para que os novos profesores que estudian a poesía de



“Borobó” con Álvaro Cunqueiro

Aquilino Iglesia, beban nel ata se afogar na súa inmensa sapiencia, na súa deleitosa fermosura”.

Cando relataba en detalle a comunicación telepática xa citada entre Otero Acevedo e Valle-Inclán, Borobó tamén remitía ao futuro:

tal vez cun paciente labor investigador nos arquivos municipal e universitario, que podería realizar algún dos moitos estudantes de Letras que han de facer en Santiago as súas tesinas, acaso podamos saber algún día quen era o amigo A. P. que visitaba Ramón del Valle, a familia do Sr. V. que con aquel se achaba, así como os demais puntos do monte.

Ou para rematar, no seu *Libro dos exemplos*, logo de citar diversos casos de poncios galegos nomeados por Casares Quiroga e Portela Valladares durante a Segunda República, Borobó propón: “É un curioso tema, o dos gobernadores galegos na República, que aínda espera ao xove investigador que o historie. Moitos deles foron logo sacrificados por tela servido con tanta lealdade e acerto”.

Pouco partidario de se queixar, meu pai denominaba irónicamente “segredos” aos seus libros, polo seu escaso eco. Un muro de silencio que entreabren homenaxes ou simposios como estas Xornadas Internacionais. Quen penetre nas súas biografías levantará o velo de moitos enigmas da historia de Galicia e os “segredos” de Borobó deixarán de selo.



## 10. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BALTAR TOXO, Xabier (2003): “Borobó: un achegamento”, en X. Guitián (coord.), *Homenaxe a Borobó*. Santiago de Compostela: Ediciós do Castro.

Borobó = García Domínguez, Raimundo.

GARCÍA DOMÍNGUEZ, Raimundo (1986a): *Pablo Iglesias, “el gallego”*. Madrid: Editorial Enxebre Orde da Vieira.

——— (1986b): *El fantasma de Valle-Inclán*. Sada: Ediciós do Castro.

——— (1986c): *El padre de Valle-Inclán*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

——— (1989): *Libro de los tropiezos*. Madrid: Ediciones de Anxelo Novo.

——— (1990): *Primeros anacos santiagueses*. Madrid: Ediciones de Anxelo Novo.

——— (1992): *La tremenda niñez de la Bella Otero*. Santiago de Compostela: Biblioteca de *El Correo Gallego*.

——— (1997): *O reiseñor de Trasalba*. Trasalba: Fundación Otero Pedrayo.

——— (1998): *Vida y obra de un santo varón: Joaquín Díaz de Rábago. Teórico e historiador del cooperativismo (1837-1898)*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”.

——— (1999a): *A cantora do Sar*. Padrón: Fundación Rosalía de Castro.

——— (1999b): *Os dous San Martiño. O primeiro patrón e o primeiro apóstol de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”.

——— (2000): *Daniel o noso*. Sada: Ediciós do Castro.

——— (2001): *A nacencia do socialismo en Galicia*. Vigo: Galaxia.

——— (2003a): *O Cesures de Don Víctor*. Pontecesures: Concello de Pontecesures, Deputación de Pontevedra.

——— (2003b): *Libro dos exemplos*. Vigo: Promocións Culturais Galegas.

——— (2003c): *Tropiezos con el maestro Asorey*. Madrid: Ediciones Anxelo Novo e Litoral das Rías.

——— (2004): *Anacos valleinclanianos*. Santiago de Compostela: Fundación Valle-Inclán.

——— (2005): *Vida breve de Andrés Muruais*. Madrid: Ediciones Anxelo Novo e Litoral das Rías.

HEINE, Heinrich (1921): *Cuadros de viaje*. Madrid: Editorial Calpe.